

# O PASQUIM

SUPLEMENTO DE HUMOR DO NOVAS DA GALIZA - NÚMERO 1 - JULHO / AGOSTO 2007

## Porque *O Pasquim*?



A ESTÁTUA DO PASQUIM, EM ROMA

FRANJO PADÍN

**P**asquim (*Pasquino* em italiano) é o nome com o que o povo de Roma baptizou umha velha e escaralhada estátua que, encontrada em 1501 no

decurso das obras de pavimentação da rua e reestruturação do Palazzo Orsini (hoje Palazzo Braschi), foi erguida na esquina da Piazza di Parione (hoje Piazza di Pasquino), polo Cardeal Oliviero Carafa. Foi precisamente este purpurado quem, sem querer, deu ao Pasquino o dom da palavra quando no Dia de San Marcos de 1501 (25 de Abril, Sempre!) inaugurou umha cerimónia anual consistente em cobrir com umha toga o seu marmóreo torso e pendurar dela inocentes e latinos epigramas.

O decoroso evento inicial nom demorou em sair-se de madre convertendo a estátua do Pasquim no suporte ideal para os poemas satíricos escritos por pessoas críticas com o Santo Padre e o seu governo.

Por metonímia, estes escritos passaram a ser chamados igual que a estátua que os suportava e, ainda hoje em dia, a primeira acepção que a palavra 'pasquim' tem nos nossos dicionários é "*sátira, afixada em lugar público, contra a autoridade ou governo*" (e-Estraviz), "*escrito afixado em lugar público com expressões injuriosas ao governo ou pessoa constituída em autoridade; panfleto difamatório*" (Porto Ed.) ou "*sátira afixada em lugar público*" (Aurélio).

Pasquim (26-JUN-1969 / 11-NOV-1991) é também o nome do primeiro e mais influente jornal de oposição à ditadura militar brasileira. Fundado polo chargista/cartunista Jaguar e os jornalistas Tarso de Castro e Sérgio Cabral, o nome d'O Pasquim foi, segundo conta a Wikipédia lusófona, sugestom do próprio Jaguar "*inspirado na história de um mosenhor italiano chamado Pasquino, que segundo a lenda escrevia fofocas e notícias para*

*serem lidas em praça pública*" (!?). No documentário intitulado *O Pasquim – A Subversão do Humor*, lançado em Junho de 2004 pola governamental TV Câmara, Jaguar acrescenta: "*Eu sugeri o nome 'Pasquim'. Porquê? Porque eu disse que todo o mundo ia chamar esse jornal que nós íamos fazer de pasquim, he, he, então a gente já cortava a onda dos caras, né?*"

Com efeito, a segunda acepção que a palavra "pasquim" tem nos dicionários da nossa língua é "*panfleto difamatório*" (e-Estraviz), "*jornal que publica diatribes e artigos difamatórios*" (Porto Ed.) ou "*jornal ou panfleto difamador*" (Aurélio).

Tanta maravilha era ignorada por nós até há mui pouco tempo. Descobrimo-la ainda em Abril deste ano quando, ao nosso regresso das férias da Páscoa em território italiano, nos documentávamos para escrever um artigo que, precisamente sob o título de *O Pasquim*, apareceria publicado no nosso blogue.

Deveu ser por essas datas quando se começou a falar da possibilidade de tirar um suplemento de humor com o *NOVAS DA GALIZA*. Por isso quando o pessoal do *NOVAS* nos perguntou sobre o nome que, na nossa opinião, devia levar este novo e entusiasmante projecto fomos incapazes de dar umha outra resposta que nom fosse a de *O Pasquim*. Felizmente para nós a nossa sugestom foi acolhida com unânime entusiasmo e hoje, 25 de Julho de 2007, tendes nas vossas maos o primeiro número de um *Pasquim Made in Galiza* que, sem deixar de reivindicar-se herdeiro da viçosa tradição galega dos *Can sen dono, Xo!, Arre, O Farelo...* quer ser também umha modesta mas sincera homenagem galega (da Galiza) ao seu deslumbrante homónimo brasileiro.

Suso Sanmartin



SUSO SANMARTIN



BRUNO RUIVAL

## O humor começa por um mesmo

**D**'O Pasquim acreditamos nisso de que "*o humor bem entendido começa por um mesmo*". Por isso, e porque "*se nom sabes rir de ti mesmo nom tens direito a rir dos outros*", quigemos dedicar este primeiro número a rir de nós mesmos, *nacionatas e indapes* que somos. Queremos rir de tudo e de todo o mundo e nom queremos que ninguém ponha em causa o nosso direito a fazê-lo. Porque a ocasiom (do Dia da Pátria) bem o merece, e porque para risíveis... NÓS!

O nosso agradecimento a quem desinteressadamente colabora neste primeiro número d'O Pasquim, a quem tentou mas nom deu feito e a quem que já mostrou a sua disposição a colaborar e ainda há de colaborar.



DA SERIE: **CÓNTAME** HOJE: **ODIA DA PATRIA GALEGA**

OH NAZON DE BREOGAN, QUE SE CELEBRA OS 25 DE XULLO DE CADA ANO, DIOS MEDIANTE

POR *gabriel*, DOCTOR EN BLOCOLOXIA

O DIA DA PATRIA YA O INVENTARON OS NACIONALISTAS DE ANTES, QUE DABAN UNS MITINGS CARALLUDOS, SEN NECESIDADE DE MARKETING, MEN NEGADORNIA, NEN ADGL...

HOXE É O DIA DA PATRIA, O GRANDE DIA DE GALIÇA...

ESTA INDEFINICIÓN VAI TRAEER COLA...

DESPÓS VIÑERON OS ANOS ESCUROS, DONDE A UNICA XUNTANZA QUE HABIA EN COMPOSTELA ERA PARA VER OS "FUEGOS" DO APOSTOLO

FILLO, HOXE HONRAMOS AD "PATRONAS ESPANAS", PERO UN DIA VIREMOS AQUÍ PEDIR A AUTODETERMINACIÓN!

MUNDO! VA BEBECHE?

E EU UN DIA VIREI PEDIR... UN POSTINO NO BIPARTITO!

ANDADO O TEMPO VOLVELI HABER DIAS DA PATRIA, SEMPRE NA COMPAÑIA ENTUSIASTA DOS "GRISES", E LOGO DOS "MARRONS"

DISUELVANSEN A LA ORDEN DE YA!

¡NUNCA MÁS CONSTITUCIÓN!

A MILITANCIA PASABA AS VÍSPERAS FACENDO LABORIOSAS PANCARTAS E ENTRENANDO DURAMENTE...

PUF PUF

VENHA CAMARADA, HÁI QUE MEJORAR ESSES TEMPOS!

MENTRES, EN VALLADOLID... (PORQUE OS POLIS SEMPRE VIRAN DALI, OU ESO SE DICA)

TUNDA

TUNDA

VENGA MORALES, CON MÁS PASIÓN!

TODO PELA PATRIA

DURANTE ANOS, AS ARENGAS MÁIS REVOLUCIONARIAS E ROTACISTAS DABAAS BAUTISTA

CONTRA O IMPERIALISMO E O ERPAÑOLISMO!!

QUIETOORR!

DESPÓS VEU BEIRAS, COS SEUS BRILLANTES DISCURSOS

E COMO DIXO SARTRE O QUE PARTE LEVA A MELLOR PARTE

NON SE LLE ENTENDE NADA, PERO QUE BEN FALA!

E CHEGAREMOS A ITACA (ESTA FRASE SEMPRE A SACA)

AD LONGO DO TEMPO HOUBO VISITANTES ILLUSTRES (DAQUELA...)

TODOS A UNHA, HERRI BATA

TODOS A UNHA, HERRI BATA

CENSURADO

JE JE

JE JE

HOXE TELESFORO MONZÓN E O SEU BASTÓN

PANCARTAS CUASE SOVIÉTICAS, MOITO MÁIS BONITAS QUE AS DE AGORA, FEITAS NA IMPRENTA...

KASTELAR

PARTIDO REVOLUCIONARIO DEL PUEBLO PALENTINO, MONTONEROS ASOCIADOS DO PARAGUAI D'ARRIBA, PARTIDO PROVERISTA DE PREVEDINOS...

E AQUELAS INTERMINABEIS LISTAS DE APOIOS INTERNACIONAIS E ULTRAMARINOS...

MIRE, SE QUERE SIGA, PERO XA MARCHARON TODOS TOMAR AS TAZAS AO FRANCO, E EU, FRANCAMENTE, TAMÉN QUERIA IR...



AS MENSAXES APENAS MUDARON DESDE AQUELA A AGORA, AGÁS PEQUENOS MATTICES...

E TEMOS DE IR POLOS FERREOS CAMINOS DA REVOLUÇÃO, NEN UN PASO ATRÁS!

NEN UN PASO ATRÁS, SR. MINISTRO, TEMOS QUE TER OS CAMINOS DE FERRO XÁ!

PACO RÍVEZ. SEN PELOS NA LÍNGUA

PACO RÍVEZ. CON MENOS PELO

PERO O TEMPO PASA PARA TODOS, E SE NON VEXAN A UN INTREPIDO MILITANTE, NOS SEUS TEMPOS DE GLÓRIA...

NON, NON, NON!

E ANOS DESPOIS...

PAPÁ, DÁME 2.0 € PARA UNHA PIRULETA?

NON, NON, NON!

COS ANOS, OUTROS GRUPOS FORON CELEBRANDO A SÚA OUAS SÚAS MANIFESTACIÓNS, BAIXO O PARAGAS XENERICO DO INDEPENDENTISMO, DONDE A ASISTENCIA PERMANECE ESTABLE

ESTE ANO SEMELLA QUE SOMOS MAIS,

XA OS CONTEI E SOMOS OS MESMOS, IGUAL SON EU, QUE ENBORDEI UN CHISCO...

ESTA VARIETADE DE CELEBRACIÓN DO LUGAR A APARICIÓN DUNHA NOVA FIGURA: O MILITANTE MULTI-MANIFESTACIÓN E MULTI-FESTA

VOU VERSE CHEGO A MANI DA FRENTE E LOGO AO REMATE DA DE NOS-UP, DESPOIS TOMO UNOS CÉS DO BUDQUE, E LOGO XANTO NA INDEPENDENTISTA QUE HAI MENTR COIA, DESPOIS VOU TOMAR O CAFÉ A CARBALLEIRA E DE PASO PAGO POLO FESTIVAL!

PERO DONDE VAS

OUTRAS FORZAS TAMÉN CELEBRAN O DÍA, AO SEU XEITO...

SANTO PATRÓN DE ESPAÑA, CONSERVA LA UNIDAD DE LA MISMA, AMÉN

AS FORZAS VIVAS

E AS FORZAS DA ESQUERDA FLORIDA

MEBIDE! SEQUEXA BROUXE-PAIÑO UN CARZÓN DE TABACO EN TROQUES DAS FROLES

YUHUUU! YA ESTAMOS AQUÍ...

NON MOLESTAR

A FESTA É PARTE FUNDAMENTAL DESTE DÍA, A FESTA DO 24-NOITE...

E CHEGACHES A TEMPO A' MANI?

SÍ... CHEGUEI A CANDO DIN ASVELO DE' FOGAR DE BREGOÁN, DE BREGOÁN!

E A FESTA DA CARBALLEIRA ALÍ PÓDESE DISFRUTAR DA MÚSICA, DO MARKETING NAOCOMANISTA, E DE GUSTAR OSTÍPICOS PRODUCTOS DA TERRA, COMA O POLBO ON O GIN-KAS...

UNION DO POLBO GALEGO

E OS DIAS DA PATRIA SEGUEN O SEU CAMIÑO. AGORA XA NON FALA BEIRAS NA QUINTANA...

DONDE VAI ESTAR ESTE 25 DE XULLO?

DE VACACIONS, NUNHA ILLA GREGA...

ITACA

PERO O SEU SUCESOR TAMÉN TEN UN ESPECIAL EFECTO SOBRE A AUDIENCIA

MILITANTES E MILITANTAS, CANDO REPITA A PALABRA "BALIZA" 50 VECES, IDES CAER NUN PROFUNDO SONO

VAIÁ, MESMO ANTES...

DE JULIO DA PATRIA






pestinho '07  
PESTINHO +1



© Suso Sanmartín 2007

SUSO SANMARTIN



SUSO SANMARTIN



BRUNO RUIVAL